



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 2 DE JULIO DE 2012.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁN XELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

#### **AUSENTES :**

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12,00 horas do día 2 de XULLO de 2012 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

#### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA:

### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que o seu grupo votará en contra dado que a actas non reflicten as intervencións do seu grupo no contexto do debate. O Regulamento orgánico que temos aprobado, non serviu para modificar o sistema de rexistro das sesións a través dun sistema de grabación.

A Sra. Morenza ( PS de G- PSOE), pide disculpas pola ausencia dos seus compañeiros na sesión, motivada nun caso por incompatibilidade horaria, e a non disposición do Sr. Alcalde para cambiar a mesma , e noutro caso pola recente maternidade da súa compañeira.

Aclar que vaise abster neste punto , porque a Sra. Secretaria resume moito as intervencións. Tamen solicita que se incluan na acta as alegacións presentadas polos grupos políticos, o que se lle resposta pola Secretaría, que non existe problema, pero que non e costume facelo, porque tratándose por exemplo, dun Plan Xeral, fariase imposible reflectir todas as alegacións que se presentan con habitualidade.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, e as abstencións do PSdeG-PSOE,e do BNG o seguinte acordo:“Aprobación da acta da sesión do 07/05/2012”

### 2- APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CON ORDENACIÓN DETALLADA DO PXOM DE BARBADÁS, NO AMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO DO AR-10.

Pola Presidencia explicase o procedemento de aprobación deste instrumento.

O Sr. Firvida sinala que o seu grupo absterase, non porque esta modificación non sexa necesaria, porque hay moitas cousas que mellorar no PXOM antigo, como o incremento de zonas verdes e mellora de viais....pero estos erros son consecuencia da política do PP nos ultimos 24 anos. O PXOM do ano 2002, meteuse con calzador e aprobouse no ultimo momento. Vostedes sabian que os viais non se poderian realizar nesta zona, nin a edificación proxectada, e agora teñen que rectificar, e fannno coma sempre: para facilitar a edificabilidade e favorecer a promotores.

Neste cambio, desaparecen dous viais que saian á Avda. de Celanova. Desta maneira, si se producen as previsións de crecemento, unhas 15.000 persoas so terian unha saída, que é a da rotonda do Carrefour.

Sinala que no PXOM do 2002 existian dous viais de acceso á Avda. de Celanova, e agora



desaparecen, e vostedes o fan para favorecer os seus amigos, e para facilitar a venda de pisos, e non para o tema do Instituto. Non intenten convencernos do contrario.

A Sra: Morenza ( PS de G- PSOE), sinala que o seu grupo mantense igual de crítico con este asunto, xa que pasou un ano dende que o mesmo asunto trouxose a Pleno, e despois se alegaron erros técnicos, que costan caros os barbadenses. Agora, despois do informe, as autorizacións sectoriais... , e ¿ papa cando o Instituto? ¿ Vaise executar ou vaise parar pola crisis?

Pola Presidencia respóndese , ó voceiro nacionalista, que so sabe facer demagogia. Isto é unha modificación puntual do PXOM, necesaria porque o Plan Parcial, afectaba a uns viais, e a Xunta estimou que non era a figura técnica correcta para realizar esa modificación.

Á voceira socialista respóndelle que temos feito os trámites procedentes, e xa está en marcha o tema, e que cando administrativamente esté rematado o procedemento, cederanse os terreos á Xunta, quen ten vontade política de facelo.

O Sr. Firvida ( BNG), resposta que xa saben que isto é unha figura distinta do Plan Parcial, pero que esta nova, encubre o mesmo que xa dixemos fai un ano. Pregunta si van a cambiar a ordenación do PXOM do 2002, e que gañará o Concello con este cambio, o mellor, que quen gaña con estas modificacións... Tamen se pregunta que quen gañou coa modificación da AR-1... na que se perderon zonas verdes.

A Sra. Morenza, ( PS de G-PSOE) lembra ó Alcalde, que dixeron que esta modificación fíxose por erros técnicos garrafais.

Sen mais, sométese o asunto a votación , resultando, cos votos a favor do PP e as abstencións do PS de G- PSOE e do BNG, o seguinte acordo : **“ Aprobación Inicial da Modificación Puntual con ordenación detallada do PXOM de Barbadás , no ámbito do solo urbano non consolidado do AR-10”.**

### **3- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS EN CENTROS DOCENTES.**

Pola Presidencia cédese a palabra a Intervención , quen explica que as modificacións incorporan novas actividades, serven para a mellora da xestión da taxa, se incorpora a posibilidade de usar o servizo de bos días cole de forma puntual ata 5 días de conformidade co debatido na Comisión



Informativa, e o Sr. Alcalde acepta a posibilidade de excluir a exención das familias monoparentais a suxerencia da oposición.

O Sr. Fírvida ( BNG) agradece a modificación do “ Bos dias cole” ata 5 días, e pensa que , respecto as bonificacións, debe ser o criterio de renda o determinante. Creen que o tema das familias monoparentais podería ser un criterio de desempate, pero nunca un criterio determinante.

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que, está de acordo con que os criterios de renda rixan as bonificacións. Entende que a pesar das melloras introducidas na ordenanza, as taxas non son as adecuadas para os tempos que corren.

Sinala que os non empadroados non pagan o custe real do servizo , e manifesta a insatisfacción dos usuarios pola forma en que se prestan.

O Sr. Fírvida (BNG anuncia que o seu grupo votará negativamente porque non é momento de cobrarlle ás familias, e podería ser un servizo gratuíto.

Pola Presidencia respóntase que estamos suxeitos á legalidade, e que os servizos teñen que tender a autofinanciarse.

- Sen mais , sometese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, e os votos en contra do PS de G- PSOE , e do BNG, o seguinte acordo : **“ Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo municipal de ensinanzas especiais en centros docentes”.**

#### **4- APROBACION EXPEDIENTE MODIFICACION DE CREDITOS POR TRANSFERENCIA 3/2012.**

Pola Intervención se explica que o RD 8/2010, para lograr o deficit do 3%, establece que cando un Concello arroxe resultado positivo, este adicarase a amortizar débeda pública. En Barbadás, as rebaixas no soldo do persoal supoñen que no ano 2012 terminarse de pagar a débeda a longo prazo.

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que isto é consecuencia dun RD co que o BNG está en contra, e votarán por elo en contra, a pesares de entender que se trata dunha execución legal.

A Sra Morenza (PSdeG-PSOE) anuncia a súa abstención

Pola Presidencia lémbrese que este Concello neste ano acadará debeda cero, e eso é porque o grupo de goberno leva poñendo en practica dende fai anos o que agora tratan de impoñer dende Europa. O diñeiro foi administrado con criterios de racionalidade, e nin valia para facer un instituto nin un centro



de saúde, porque son competencias da Xunta.

O Sr. Fírvida (BNG) se pregunta si hay algún Concello en Galicia de mais de 4000 habitantes que non teña instituto, nin polideportivo; E si hay algún de mais de 5000 que non teña centro de saúde, galiescola, piscinas cubertas...

A Sra Morenza ( PS de G-PSOE) pregunta que servizos vansen mellorar agora, e a Presidencia resposta que unha vez que se teña rematado o Polideportivo, faranse actividades deportivas para maiores, e tamen se adicarán os cartos a servizos sociais. Pero o que non se farán son obras, porque as importantes xa estan feitas.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, os votos en contra do BNG , e a abstención do PS de G- PSOE , o seguinte acordo: “ *Aprobación del expediente de modificación de créditos por transferencia 3/2012* “

### 5- CONVENIO DE COLABORACION PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE OURENSE.

Pola Presidencia explicase o contido do convenio, que suporá que o cidadán pagará 0,78 euros do 1,40 euros do prezo real, gracias as subvencións do Concello e da Xunta. Explica tamén que o billete inclúe un salto e remite para o resto dos pormenores á documentación que forma parte do expediente , e que lle foi facilitada os srs. Concelleiros.

O Sr. Firvida ( BNG) anuncia o voto negativo do seu grupo, non porque os fins do convenio non sexan loables, senon porque estan en contra da maneira en que se fai. Entende que se comenza casa polo tellado, e teñen a consigna de que sexa aprobado antes das eleccións autonómicas....., pero, de que lle sirva a Barbadás si non entra nel Ourense?? O billete único vai servir para levarnos ata Ourense, pero ali fará falta outro billete,

A segunda cuestión e a de que Feijoo ampliou dez anos todas as concesións existentes de transporte, e agora pretende que os Concellos negocien melloras do servizo co as concesionarias, e o BNG se pregunta si teremos que seguir pagando a ANPIAN no 2013.

Pola Presidencia respóstate que de pagar 150.000 euros a ANPIAN actualmente, lograrase unha diminución neste coste dun 50%.

A Sra. Morenza ( PS de G- PSOE) afirma que o seu grupo non ve ventaxas neste convenio, porque o



numero de expedicións diarias non se vai alterar, e non se vai implantar a tarxeta metropolitana porque Ourense non vai entrar, e teñen dúbidas de si o abaratamento do custe vai ser unha realidade ou vai quedar en papel mollado. Ademais suliña que Barbadás, cun 33% da poboación da área metropolitana, non ten ningún beneficio. Finalmente pregunta si o numero de liñas vaise manter, e si se colocarán as marquesiñas necesarias.

Pola Presidencia sinalase que a bonificación de casi un 50% do custe do billete, será para todos os cidadáns, a través da tarxeta única, e que unha vez posta en marcha, si os Concellos estiman preciso por en practica outra serie de bonificacións, por exemplo para os estudantes, pois se estudiará. Explica tamén que se colocarán marquesiñas onde faga falta; que as liñas serán as que estan funcionando actualmente, aínda que poderíamos pedir as liñas que queiramos, pero teriamos que pagalas, e xa temos experiencias, por exemplo co autobus para ir ó medico, que iban vacios.

Respecto á posible negociación con ANPIAN, ese é un tema competencia da Xunta, que é a titular do servizo concesionado, e non comprende por que mentres a oposición gobernou na Xunta, non fixo nada sobre este tema.

Finalmente suliña que, si se xenera demanda, pódese organizar o tema doutra forma, e remata con que a non entrada de Ourense perxudica todos os veciños.

O Sr. Firvida ( BNG) non entende por que si este convenio é tan maravilloso, remata no 2015. E non entende por que a A Valenzá non aparece como un área periurbana de Ourense.

A Sra Morenza ( PS de G- PSOE) solicita bonificacións específicas para pensionistas e estudantes, e sinala que o convenio recolle posibilidade de subvencións para xubilados, discapacitados...

Remata sinalando que aproveitan este tema para a precampaña, e a información de que Ourense non entraba no convenio xa a tiñan vostedes fai tempo, e agora estan demonizando. Pregunta finalmente si se ten un plan de actuación para a instalación de marquesiñas en lugares preferentes.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, os votos en contra do BNG, e as abstencións do PS de G- PSOE, o seguinte acordo : **“ Aprobación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ourense”.**

### **6- APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BARBADÁS.**

Pola Presidencia cédese a palabra á Secretaría que explica o procedemento de aprobación.



D. Serafin Nuñez (BNG), explica que por tratarse dun regulamento obligatorio por ley, o seu grupo votará a favor.

A Sra. Morenza ( PS de G-PSOE) afirma o seu voto positivo e solicita á Presidencia que se difunda a actividade do ADL do concello e do traballo que estase a facer no centro empresarial.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado, por unanimidade o seguinte acordo:

**“Aprobación inicial do regulamento da creación de ficheiros de carácter persoal do Concello de Barbadás”**

### **7.- MOCIÓNS :**

#### **A- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBEIS (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATOLICA, OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCE A REVISIÓN.**

D. Serafin Nuñez ( BNG), procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional.

Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do “Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”, unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprensíbel -tendo en conta ademais a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais. Nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba



cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.

Xusto o contrario do que realizaron os últimos gobernos do Estado, cuxa política fiscal é regresiva, e afecta a quen ten menos recursos. O Goberno do PSOE incrementou o IVE, mentres que unha das primeiras medidas do Goberno de Rajoy foi precisamente incrementar o IBI, nalgúns concellos ate o 10% e o IRPF (Real Decreto – Lei 20/ 2011), mentres que na Xunta de Galiza, Feijoo esqueceuse da súa promesa de rebaixar o IRPF.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecualos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra de PP e CiU. Tamén en marzo, o BNG rexistrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.

É tempo de corrixir esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte dos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos. Por iso , o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

### ACORDO

**1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.**





- 2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.**
- 3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten de Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.**
- 4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.**

Continua o voceiro sinalando que a actual crise a esta a pagar a clase traballadora, e xa esta ben de que paguen sempre os mesmos e que se vaian de rositas os que mais teñen.

A Igrexa católica, xa ten a casilla do 0,7, que non a ten ningunha outra confesión, e se manteñen convenios multimillonarios co Estado , impropios dun estado aconfesional.

Sinala o voceiro que a igrexa sempre tivo un poder económico importante e se calcula que ten bens en Galicia por importe de 426 millóns de euros de valor catastral, por elo, os acordos que pedimos , son para por as cousas no seu sitio. Sinala tamén que os seus representantes no Congreso dos Diputados xa presentaron propostas que foron rexeitadas.

A Sra. Morenza ( PS de G-PSOE) afirma que a fiscalidade é o sistema de distribución da riqueza e o xusto é que se contribúa con arreglo á capacidade económica, por eso neste momento non é normal que se pida un incremento ós cidadans e que a igrexa esté exenta. Ademais , non está pagando por parkings, terrazas e lugares cos que fai negocio, e cos que está a facer unha competencia desleal, por elo apoian a moción e a existencia dunha lei sobre a liberdade de conciencia.

Pola Presidencia sinalase como incomprendible que o PSOE , mentras gobernaba en España, non se preocupara de esto, e que agora acorden tarde...

Non é unha competencia nosa porque esto se regula en tratados internacionais, e non ten sentido acordar nada eiqui.

O Outro dia, un clérigo comentaba que moitas institucións da igrexa, de carácter asistencial, estan sacando moitas “castañas do fogo” neste momento, e que si a igrexa pecha catedrais, e museos, en parte o turismo resintiríase. Non obstante, o grupo de goberno entende que polas zonas que son obxecto de explotación comercial, deberían pagar.

O Sr. Nuñez ( BNG), resposta ó Alcalde que vostedes van a votar que non porque si, non por falta de



competencia; porque teñen o ombligo atado á igrexa e ó franquismo. E sobre o tema do turismo, decir que a igrexa cobra cando quere, e todo isto está montado para que eles esten montados no dólar e teñan poder.

A Sra. Morenza ( PS de G-PSOE) afirma que o PP usa a crise para arrachar con todo, por exemplo, co sistema educativo e sanitario, e si estamos en crise, vamos a cobrarlle á igrexa tamen. Ademais hai moitas organizacións beneficicas que non son da igrexa , que estan tamen facendo moita labor.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, resulta adoptado o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG relativa á revisión do acordo de exención do pagamento do imposto sobre bens inmobeis ( IBI) por parte da igrexa catolica”.**

### **B- MOCIÓN DO PS de G- PSOE SOBRE A CREACIÓN NO CONCELLO DE BARBADÁS DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL.**

Pola Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) procedese á lectura e defensa da seguinte moción :

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A poboación de Barbadás, experimentou nos últimos tempos unha importante transformación, tanto na forma de vivir como nos problemas que lle afectan no seu día a día.

Estes cambios veñen dados pola incorporación de un gran número de novos veciños e veciñas que proceden doutros concellos e que maioritariamente se caracterizan por ser unha poboación moza, dinámica e con moitas inquiredanzas.

Barbadás fai alarde e gala desta situación, a de ser un dos concellos de Galicia cunha poboación máis nova. Pero este feito esixe respostas novas por parte do goberno municipal, que se teñen que traducir nun cambio radical nas políticas que se aplican no noso concello e que afentan a este importante colectivo.

Actualmente en Barbadás temos 1.720 veciños e veciñas que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos é que representan o 17% da poboación de todo o concello precisando, polo tanto, dunha atención preferente e prioritaria dende a administración municipal en moitos aspectos.

No Grupo Municipal Socialista sabemos que estes veciños e veciñas reclaman



información enfocada á incorporación á vida laboral, así como programas e cursos de formación para a súa inserción no mundo do traballo. A existencia de aulas enfocadas ás novas tecnoloxías xogan tamén un aspecto básico neste eido.

Os mozos e mozas precisan asesoramento sobre técnicas de búsqueda activa de emprego, cómo facer un curriculum ou unha carta de presentación. Necesitan axuda para contactar con empresas, coñecer as diversas ofertas de emprego público ou privado, etc..

Para os Socialistas de Barbadás é fundamental o apoio da administración local para que os xóvenes emprendedores e emprendedoras atopen no Concello asesoramento e axudas para a creación de novas empresas no noso territorio.

Tamén precisan información sobre estudos e becas. Demandan actividades de ocio programadas ó longo do ano, así como instalacións deportivas axeitadas. Precisan asesoramento sobre toxicomanías e, por suposto, sobre sexualidade e anticoncepción.

Os Socialistas de Barbadás consideramos imprescindible que a xuventude do noso concello teña un espazo onde eles e elas sexan protagonistas e onde poidan aportar tamén as súas opinións e suxestións.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción o seguinte **ACORDO**.

### **Habilitar ó longo do ano 2012 unha Oficina Municipal de Información Xuvenil.**

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que a tal oficina non existe realmente ; temos unhas instalacións con traballadores insuficientes que non reciben a cualificación para elo. Os veciños demandan unha atención especializada, e non sirve so unha carpa para vender curriculums en época electoral. Necesitan unha información pre- laboral, e axuda para ver onde estan e a onde poden ir. Falamos da necesidade dun persoal adicado en exclusiva á xuventude, e dun procedementos como un boletín de información , novas tecnoloxías....

O Sr. Fírvida (BNG) afirma que o que temos no é mais que un infantario, onde a idade máxima é de 13 anos. A partir de ahi , non temos actividades para os xovenes.

Xa demandamos en anteriores ocasións unha casa da xuventude de xeito similar á de Ourense, onde se teña espazo para lecer, deporte, asociacións xuvenis, un sitio onde poder estudar , unha biblioteca



viva , internet ,con atención á muller...Neste último aspecto, tivemos a oportunidade de ter un centro “ quérote” , e se desaproveitou. Remata sinalando que a Casa de Cultura leva dez días pechada polas tardes nunha época vacacional onde se podería aproveitar para a lectura , por exemplo.

Pola Presidencia sinálase que xa temos una casa da xuventude, e o grupo de goberno está a favor de mellorar o que sexa mellorable, pero non votaremos a favor da moción porque é algo que xa temos.

O Sr. Fírvida ( BNG) sinala que o Alcalde afirma que xa existe fai vinte anos, pero... ¿onde esta? ¡Non sei si a mocidade sabrá que existe! Se pregunta por cales son as actividades que se desenvolven ali, e si existen algunhas para maiores de 13 anos. Para rematar , demanda un lugar onde os xovenes poidan autoorganizarse e celebrar actividades.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PS de G-PSOE sobre a creación dunha oficina municipal de información xuvenil”**

Sendo as 13, 40 horas, D<sup>a</sup> Anxela Gonzalez ( BNG), abandona o salon de sesións.

### **C.- MOCIÓN DO PS de G- PSOE PARA QUE SE ELABORE UN PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL ( PEMU)**

A Sra. Morenza, procede á lectura e defensa da seguinte moción :

Dona Victoria Morenza Doforno, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Barbadás, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno da Corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado 4 de maio produciuse un incidente na casa de cultura da Valenzá coincidindo coa inauguración dunha exposición. Este feito consistiu no **levantamento sucesivo e con gran estrondo das plaquetas do chan** debido, segundo o propio alcalde en resposta a unha serie de preguntas plantexadas polo Grupo Socialista, á dilatación dos materiais.

**Este feito puxo en entredito a organización existente ante unha emerxencia ou eventualidade.** Ademais de prenderse as alarmas ante a carencia dun Plan de Emerxencias municipal, evidenciouse a



escasa formación ou preparación que existe entre os propios concelleiros do grupo de goberno, incluído o propio alcalde.

**O goberno local que preside Freire caracterízase por actuar con demora** a pesares de ser un dos 5 concellos máis importantes da provincia. Barbadás chega sempre tarde á modernidade e unha vez máis **o suceso das plaquetas pon de manifesto que hai carencias que afectan neste caso á seguridade das persoas**. A falta dun plan de emerxencias demostra que se goberna con improvisación e con moito retardo.

É **froito da imprudencia e da desidia** que se instalen pasos de peóns elevados despois de que se produzan vítimas mortais, que non se preveñan con anticipación necesidades que existían hai décadas coma o aumento do alumnado de primaria, tendo en conta o crecemento progresivo da poboación de cara á construción dun colexio axeitadamente dimensionado ou que en pleno século XXI Barbadás non conte con un **centro de ensino secundario**. Estes son só algúns exemplos porque a enumeración de actuacións baseadas na falta de previsión sería moi longa.

**Para o Grupo Municipal Socialista é crucial elaborar un PEMU** e non nos valen os argumentos de que xa hai liñas de actuación definidas tanto por Protección Civil como pola Policía Local. O propio alcalde demostra a **improvisación** en asuntos tan importantes para a seguridade cando **uns días despois do incidente da casa de cultura encarga un plan de emerxencia específico só para a escola infantil municipal**.

Dende o PSdeG consideramos insuficiente que Barbadás conte tan só con plans de emerxencia nos colexios públicos e dentro duns meses, con moito retraso, na escola infantil. **Consideramos prioritario elaborar un Plan de Emerxencias Municipal, que afecte non só ós edificios de titularidade pública, senón tamén a outro tipo de riscos: naturais, técnicos ou cívico-sociais**.

É necesario elaborar un inventario de riscos e definir o protocolo de actuación para facer fronte a emerxencias de carácter colectivo, a catástrofes ou calamidades públicas. Só planificando un dispositivo para casos de emerxencias podemos **incrementar a seguridade da veciñanza** non só nos edificios públicos, nas aglomeracións de persoas, senón tamén ante calquera eventualidade.

Esta necesaria planificación afectaría a lugares coma o campo de fútbol, a casa de cultura, da xuventude, piscinas, centros sociais dos pobos e tamén a sucesos coma accidentes de tráfico, incendios, inundacións, explosións nun edificio, escape de gases, etc.

Un Plan de Emerxencias Municipal que recolla pormenorizadamente as características dos edificios públicos é fundamental para mellorar a habitabilidade e, sobre todo, a protección sobre as persoas e os



enseres. **Unha das cuestións que máis preocupan ó Grupo Socialista é que dun xeito formal se garantice a evacuación segura das persoas en caso de accidentes, incidentes ou eventualidades.** É preciso tamén que a elaboración do PEMU vaia acompañada da conseguinte formación e involucración do persoal que traballa nos edificios municipais.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Que se elabore un Plan de Emerxencias Municipal para incrementar a seguridade cidadá tanto nos edificios de titularidade municipal como ante causas naturais, técnicas (fallos en instalacións) o nas concentracións dun importante número de persoas, etc.**

A Voceira sinala que o incremento de poboación, de locais sociais, e das infraestructuras en xeral do Concello, fan inservible o PEMU de fai 13 anos.

Sinala que con motivo dos acontecementos ocorridos na Casa de Cultura, o Alcalde saliu correndo e olvidouse do seu papel según no PEMU, e, despois de facer o ridículo, encarga, uns días despois un PEMU porque non sabía que xa existía..

Denuncia que non temos bocas de riego suficientes, e que en 13 anos non cambiou nada, e respecto o grupo de atención sanitaria, cambiou moito o tema e saen, no noso plan, incluso nomes de persoas falecidas. Tamen se pregunta canto tempo fai que non se reúne a xunta local de protección civil, e si se teñen feito campañas de concienciación cidadana. Remata sinalando, que dubida moito que dito PEMU sexa operativo.

D. Serafin Nuñez ( BNG), sinala que é preciso unha actualización do PEMU, e garantiza que non hobo reunións deste tema, porque el noi foi convocado, sendo membro.

Debe preverse a problemática en edificios de gran altura, situacións como a das piscinas nas que non é posible a entrada dunha ambulancia, a revisión periódica de bocas de rego...

Pola Presidencia sinalase que se acepta a necesidade de actualización do PEMU, pero que este xa existe, polo que votaran que non.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PS de G- PSOE, e do BNG, e os negativos do PP, o seguinte acordo : **“ Rexeitamento da moción presentada polo PS de G- PSOE para que se elabore un plan de emerxencias municipal”**

**D- MOCIÓN DO PSdeG PARA QUE SE REMATEN AS BEIRARRUAS DO PASEO QUE VAI**



### DENDE O PARQUE DOS PATOS ATA O CAMPO DE FUTBOL DOS CARRIS ( RUA CALZADA ROMANA).

A Sra. Morenza ( PS de G- PSOE) procede á lectura da seguinte moción.

#### EXPOSICION DE MOTIVOS

O paseo que vai dende o parque dos patos ata o campo de fútbol dos Carrís é unha das zonas máis transitadas por deportistas e afeccionados a camiñar da Valenzá, do resto do concello e da cidade de Ourense. Pois son moitos os veciños e veciñas que **corren, pasean ou andan en bicicleta a diario ó longo de todo o paseo do río.**

Por este motivo, dende o Partido socialista consideramos fundamental que dito tramo do paseo **se manteña en bo estado de conservación** e sobre todo, **en boas condicións de seguridade**. É unha imaxe cotiá que moitas persoas transiten tódalas fins de semana pola zona ben **a pé ou en coche para acudir os partidos de fútbol** que se disputan no campo de fútbol dos Carrís.

É unha **vergoña** ver que un concello da categoría do de Barbadás presente unha **imaxe de deixamento** do goberno do PP tanto nos accesos ó seu campo de fútbol de referencia e máis ó futuro polideportivo municipal.

Son tamén moitos os cativos e cativas que acoden a este paseo na tempada de verán. Este traxecto échese de veciños e veciñas, en moitos casos con nenos e nenas, que van diariamente ás piscinas municipais. Por estes motivos, e como dende o Grupo Municipal Socialista tentamos sempre facer unha oposición construtiva, **consideramos prioritario que se rematen as beirarrúas en todo este treito**, pois non sabemos por qué motivo se paralizaron xa hai anos.

En canto á seguridade dos viandantes, dende o grupo municipal socialista entendemos que **é fundamental a instalación de varandas en toda a zona do paseo** que lembramos está sen rematar, para evitar así caídas ou posibles accidentes.

Hai que lembrar tamén ó grupo de goberno que xa **hai meses que pedimos que se fixera unha actuación de mellora da área recreativa que está por debaixo do campo de fútbol**, (substitución de papeleiras, arranxo de bambáms e das parrillas, desbroce periódico) e a día de hoxe esta zona presenta a mesma imaxe de deixamento.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a



adopción do seguinte ACORDO:

**Que se rematen as beirarrúas que van dende o paseo do parque dos patos ata área recreativa que está enfronte do campo de fútbol dos Carrís.**

**Que se instalen varandas por toda a zona do paseo no que están as beirarrúas sen rematar.**

**Que se proceda á mellora da área recreativa situada ó carón do campo de fútbol.**

D. Serafin Nuñez ( BNG), sinala que o seu grupo xa propuso con anterioridade a mellora deste vial, e denunciou a existencia de farolas escachadas, e incluso algunha tirada no río xa fai anos...Tamen advertiron sobre a inexistencia da baranda protectora e a falta de sinalización viaria. Asfaltouse , pero non hai nada regulamentado. Parece que non hai diñeiro , pero o hai para o que vostedes queren, como a chorrada do rego automático dos planteiros das farolas.

O voceiro queixase de que non existe un plan anual de obras do Concello, e o fan sobre a marcha, e aprobanse obras sen planificación, incluso na travesía do Viso, na Valenzá. Por todo isto , votaremos a favor.

Pola presidencia sinálase que resulta evidente esta necesidade de rematalas, pero que non habia diñeiro , nin para eso , nin para mellorar o parque , e todo isto farase en canto se poida.

A Sra. Morenza sinala que o PP goberna ó dictado da oposición , e sinala varios exemplos , como o da Rúa do Viso, a Tomas Rodríguez Punxin, etc...

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, por unanimidade de todos os asistentes, o seguinte acordo: “

- **Que se rematen as beirarrúas que van dende o paseo do parque dos patos ata a área recreativa que esta enfronte do campo de futbol dos Carris.**
- **Que se instalen varandas por toda a zona do paseo no que estan as beirarrúas sen rematar.**
- **Que se proceda á mellora da área recreativa situada ó caron do campo de futbol.** “





### E- MOCIÓN DO BNG SOBRE O MANTEMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR DE BARBADÁS.

O Sr. Firvida , procede á lectura e defensa da seguinte moción.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias con nenas e nenos escolarizados no CEIP O Ruxidoiro de Barbadás están recibindo unha enquisa enviada desde a Delegación Territorial da Consellaría de Educación de Ourense onde se pregunta aos pais a distancia desde o seu domicilio ao centro de ensino.

Esta enquisa encubre a intención da Consellaría de deixar sen transporte público e sen comedor aos nenos e nenas que vivan a unha distancia menor aos dous kilómetros de distancia do centro.

De levarse a cabo a finalidade da carta, estaríamos ante un novo recorte nos servizos educativos do concello.

Cómpre lembrar que a parroquia de Barbadás se atopa a considerábel distancia do centro de ensino de referencia (o CEIP O Ruxidoiro) e cunha vía de comunicación en mal estado, estreita, con moitas curvas e sen arcén, co que o traslado dos nenos e nenas ao centro sería moi perigoso e dificultoso.

O autobús escolar que pasa pola parroquia de Barbadás comeza o percorrido en Loiro, pasando por Sobrado do Bispo e Bentraces, até chegar ao centro. Este autobús non se enche cos alumnos dos pobos anteriores e non sofre ningún atraso nin modificación da súa ruta ao pasar por Barbadás, polo que non se xustifica en ningún caso a anulación da parada nesta parroquia.

Para o BNG de Barbadás estamos ante outro grave recorte nun servizo básico para a cidadanía como é o ensino público. A anulación da parada en Barbadás responde ao intento de que estes alumnos deixen de comer no comedor escolar e así aforrar uns poucos euros á Consellaría de Educación.

As familias de Barbadás veñen sufrindo de maneira especial a política de falsa austeridade do PP na Xunta ao ver como se lles impede o uso do comedor escolar do colexio do Ruxidoiro, ou como a prometida construción do instituto (promesa do Concelleiro de Educación de de que as obras comezarían no ano 2010 e que o centro estaría funcionando no ano 2011) non se concreta a pesar de contar coa poboación máis nova de Galiza e con máis de 1.500 alumnas/os en idade de ensino secundario e postobrigatorio (bacharelatos).

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao Concello de Barbadás:

**Que o Concello de Barbadás envíe unha notificación á Delegación Provincial da Consellaría de Educación de Ourense para exixir que se manteñan as actuais paradas de autobús escolar en**



**todas as parroquias e lugares de Barbadás como no curso actual, permitindo acceder a este e ao comedor escolar a todo o alumnado que vive en ditos lugares.**

Sinala o voceiro a preocupación do BNG ante a enquisa recibida polos alumnos do centro dende a Consellería, e os temores de que se intente excluír a alumnos do dereito a transporte e comedor.

Entende o BNG que se debe manter ese transporte, e aínda que as paradas non se van a suprimir, algúns nenos poden perder ese dereito, e o do comedor escolar, e non entendemos como pode ser isto, si temos un comedor con 150 prazas, e só comen 95 nenos. Tamen discuten o feito de que por exemplo, por razóns de distancia, os nenos da parroquia de Barbadás non poidan ter ese dereito, cando todos sabemos que o traxecto, a pesar de non ser longo, está nun estado perigoso pola zona das escorregas, e creemos que incluso ese transporte debería ser gratuito.

A Sra Morenza ( PS de G- PSOE) afirma compartir a moción, e que o Alcalde actuou con nocturnidade, e tarde, porque cando os pais viñeron a falar con el, xa tiñan o tema medio arranxado. Pola Presidencia sinalase que fai oito días, veu unha comisión de pais e plantexou o problema, e puxémonos en contacto coa Xefatura Provincial, e me deron unha resposta positiva tanto respecto ó transporte, como ao tema do comedor.

O Sr. Fírvida ( BNG) afirma que os pais solicitaron a entrevista coa Xefatura; non sei si a tiveron ou non, pero levaban fotos das estradas das escorregas.

Sen máis, sométese o asunto a votación, resultando aprobado, por unanimidade dos presentes, o seguinte acordo: **“ Que o Concello de Barbadás envíe unha notificación á Delegación Provincial da Consellería de Educación en Ourense, para esixir que se manteñan as actuais paradas de autobús escolar en todas as parroquias e lugares de Barbadás como no curso actual, permitindo acceder a este e ao comedor escolar a todo o alumnado que vive en ditos lugares.”**

### **F- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DA SANIDADE EN BARBADÁS.**

Polo Sr. Fírvida procedese á lectura e defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos tempos a situación da sanidade en Barbadás ten sufrido un considerábel deterioro.

Aos problemas engadidos da falla de construción do novo centro de saúde (proxectado, comprometido e publicitado polo PP en múltiples ocasións electorais) e a que o actual centro de saúde da Valenzá se



atopa nun local de dimensións e características insuficientes para o seu cometido, súmase agora o abandono e esquecemento por parte do SERGAS á hora de dotar de persoal aos centros de saúde existentes no concello (Barbadás e A Valenzá).

En concreto, este esquecemento maniféstase ao non cubrir as dúas baixas no persoal de enfermaría creadas a partir da xubilación de dous destes especialistas.

A praza de enfermeiro/a de Barbadás ficou libre despois dunha xubilación, e agora é cuberta con outra profesional que comparte horario e centro coa Valenzá. Isto provoca que esta especialista en enfermería soba tres días á semana a atender aos pacientes do centro de saúde de Barbadás, e por só dúas horas ao día.

A estes inconvenientes hai que engadir o feito de que o horario da enfermeira non coincide co do médico do centro, o que provoca que as persoas das parroquias afectadas teñan que acudir en varias ocasións ao centro, ou pasar alí longas xornadas para ser atendidas.

Recentemente xubilouse outro especialista enfermeiro/a na Valenzá. Esta praza foi cuberta por un/ha traballador/a a media xornada, que sumado á outra enfermeira que comparte centro con Barbadás, provoca grandes perxuizos aos utentes do centro de saúde e minora a calidade asistencial e profesional do servizo médico de todo o centro.

Ante a desidia e incompetencia do grupo de goberno do PP de Barbadás para solucionar os problemas de saúde pública creados no noso concello pola actitude da Dirección do SERGAS, en mans do PP, os nacionalistas de Barbadás solicitamos a implicación de todo o pleno para adoptar unha postura en defensa dos intereses das veciñas e veciños do concello.

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao Concello de Barbadás:

- 1.- O Pleno do Concello de Barbadás demanda á Dirección do SERGAS que cubra con dúas prazas a tempo completo as dúas baixas nos postos de enfermeiras/os dos centros de saúde de Barbadás.
- 2.- O Pleno do Concello de Barbadás demanda á Consellaría de Sanidade o inmediato inicio das obras do centro de saúde de Barbadás como foi prometido polo PP xa no ano 2010.

Pola presidencia respóstase que este asunto corresponde á organización interna do SERGAS e que nós non temos competencia sobre el, pero votaran a favor .

**Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade dos asistente o seguinte acordo : “1.- Demandar á Dirección do SERGAS que cubra con dúas prazas a tempo.**



completo as dúas baixas nos postos de enfermeiras/os dos centros de saúde de Barbadás.

2.- Demandar á Consellaría de Sanidade o inmediato inicio das obras do centro de saúde de Barbadás como foi prometido polo PP xa no ano 2010.

### PARTE DE CONTROL

#### 8.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

A Corporación queda enterada das resolucións dictadas dende a sesión anterior.

#### 9- ROGOS E PREGUNTAS

##### ROGOS:

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PS de G-PSOE) formula os seguintes:

- Que se instale iluminación pública na rúa Valverde (O Fonsillón) e que cando se realicen tarefas de desbroce non se finalicen os traballos no transformador porque despois da rúa do Lobo tamén viven veciños.
- Na rúa Valverde do barrio do Fonsillón se incrementen as labores de vixilancia e control debido ó presunto “trapicheo de droga” que se produce nas inmediacións.
- No Camiño do Hospital, en Piñor, fixéronse obras de construción dun muro e parte do vial público quedou nun estado que dificulta a circulación e afea o lugar. Rogamos que se leve a cabo algún tipo de actuación para deixar este tramo nas debidas condicións.
- Que se inste á retirada dunha atracción de feira situada nas inmediacións do campo da festa da Valenzá que está ocupando ó redor de 6 prazas de aparcamento.
- Que se utilice un sistema para que as baldosas da baixada pola rúa Porta do Río deixen de ser deslizantes.

##### PREGUNTAS:

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PS de G-PSOE) formula as seguintes:

¿Canto custou a magna obra de remodelación do campo da festa do Sobrado? ¿Que administración asumiu o custo das obras? ¿Quen executou os traballos de reforma?



**Pola Presidencia respótaselle que se fixo un proxecto de desmonte en colaboración coa Deputación Provincial e o resto farao o Concello**

O 5 de xuño presentamos unha pregunta sobre a potabilidade de auga en Parada. Lamentamos a tardanza na resposta debido a que se trata dun problema de salubridade e preguntamos hoxe que se fixo dende a Alcaldía en relación con este asunto.

**Pola Presidencia respótasese que se estan tomando datos para a realización dun convenio coa Deputación Provincial para a realización do control de augas.**

Preguntámoslle ó Alcalde sobre un tema que ten sido moi controvertido e con moitos dimes e diretes nos últimos días. Trátase do tramo de beirarrúas que se están construindo na Peza ( Piñor). Queremos que responde e conste en acta cómo vai quedar definitivamente este proxecto.

**O Sr. Alcalde respótsalle que como estaba previsto, rematada con lousas nas dúas marxes.**

¿En que punto se atopa o proxecto de instalar no novo centro social de Piñor unha Aula de Novas Tecnoloxías, un compromiso asumido polo alcalde hai meses?.

**Estase a espera de obtención de financiación externa.**

En Parada vaise instalar un transformador na alameda. Esta ubicación non foi, como todos sabemos, ben acollida pola veciñanza. Existen uns terreos que foron cedidos ó Bispado por un particular. Os veciños xa lle teñen plantexado ó Alcalde a posibilidade de instalar neste lugar o transformador. ¿Ten realizado o señor Freire algún tipo de xestión ante o Bispado para atender esta petición veciñal?

**Fixéronse os tramites pertinentes a Fenosa para mudar a súa ubicación e Fenosa respostou que non era posible.**

As notificacións para as limpezas de fincas teñen un trámite moi complicado e longo no tempo. ¿Pode o alcalde tentar de axilizar os trámites para que este tipo de papeleos vaian máis rápidos? ¿É coñecedor o alcalde de que a moitos cidadáns aínda non se lle contestou despois de moitos anos agardando a que se inicie o expediente que obriga ó propietario á limpeza das fincas?

**Dende o Concello tratamos de non demorar o trámite administrativo pero non podemos responder polos tramites realizados por outras administracións.**

Hai case un ano o alcalde comprometeuse a subsanar as deficiencias atopadas nas piscinas municipais plantexadas nunha moción do PSdeG.¿Qué modificacións se realizaron? ¿Fíxose algunha actuación no parque infantil ou na mellora do sistema de protección do chan?

**No parque adoptaron actuación( area, reposicións e reparación,..) Nas piscina reparáronse gressitis no baso e fixéronse actuacións no chan para mellorar a súa adherencia.**



## CONCELLO DE BARBADÁS

O 6 de febreiro de 2012 o PSdeG presentou unha pregunta sobre a suposta ilegalidade dunha rampa no Camiño das Canivelas, en Parada. Pasaron os meses e non obtivemos resposta, pero, sen embargo, sabemos que o tenente alcalde desprazouse ó lugar en compañía dun técnico municipal para interesarse polo asunto e o señor Manuel González mesmo nega coñecer a pregunta feita polos socialistas. Lembrámoslle que xa chamamos a atención sobre este asunto o 31 de outubro de 2007. Queremos coñecer en qué paso dos trámites administrativos se atopa este expediente e qué se lle vai a esixir ó propietario?.

**Notifícase ó propietario para o arranxo do camiño segundo indicacións dos técnicos municipais.**

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:25 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO